



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

ASUNTO: APROBACIÓN DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE BERGONDO PARA O VERÁN 2020, E AS SÚAS BASES.

EXPEDIENTE: 2020/X999/000084

ANTECEDENTES:

Este concello organiza actividades culturais e deportivas verán dende hai varios anos, e este ano, segue interesado en organizar estas actividades, tendo en conta a lexislación correspondente a situación excepcional que está a acontecer a nivel global debido á pandemia do coronavirus, COVID-19, que poida afectar ás actividades que constan nesta resolución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. Contrato administrativo de adxudicación de servizos, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa e varios criterios de valoración, para a “Prestación de actividades culturais e deportivas do Concello de Bergondo”, asinado o día 2/11/2016, prorrogado por un ano por acordo do Pleno municipal, en sesión ordinaria do 25.10.2018 e prorrogado por un ano máis na sesión extraordinaria da Xunta de goberno local do 16.10.2019.

2. Proposta da responsable técnica municipal do contrato antedito, co visto e praxe da Sra. alcaldesa do concello de Bergondo, Alejandra Pérea Máquez, con data 4.06.2020, onde consta a proposta das actividades culturais e deportivas organizadas polo Concello de Bergondo en xullo, agosto e setembro de 2020; consideracións referente a situación excepcional que está a acontecer a nivel global debido á pandemia do coronavirus, COVID-19, e as bases destas actividades,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Adaptar as actividades de verán ás circunstancias actuais, intentando dar una oferta atractiva para os rapaces e rapazas do concello e para os proxenitores, poñendo por riba de todo a seguridade sanitaria.

O número de participantes por instalación está determinado polas características destas, facendo especial fincapié nas medidas de control e prevención da transmisión do COVID-19. O Concello de Bergondo realiza a maior oferta en prazas nos campamentos urbanos, ademais de descentralizalos polas diferentes parroquias municipais.

O obxectivo dos campamentos urbanos de verán é facilitar a conciliación da vida laboral e familiar na volta á normalidade tras a pandemia do coronavirus, e que os rapaces do concello, tendo en conta a dispersidade deste, poidan relacionarse con rapaces e rapazas de idades similares.

Atendendo ás medidas excepcionais deste ano xeradas polo COVID-19, hai actividades que este verán non se poderán organizar nin desenvolver: visitas ao aquapark de Cerceda, días en familia, natación adultos, etc.

Segundo.- Ter en conta as seguintes medidas de control e prevención da transmisión do COVID-19, para previr a posibilidade de contaxios do coronavirus, entre outras valorarase que poidan recomendarse o xurdir desde as diferentes administracións públicas:

- Garantizarse o cumprimento de protocolos de seguridade (medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias); así como a intensificación das tarefas de limpeza e desinfección dos espazos e materiais.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- Os profesionais a cargo dos campamentos velarán; pola seguridade da actividade mediante o control diario da saúde de cada participante á entrada nas instalacións, polo adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos; e tomarase o control da temperatura dos participantes.
- Os proxenitores ou titores dos participantes deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte ao COVID-19, de tal forma que si alguén presenta sintomatoloxía asociada co coronavirus non acudirá e contactará co servizo de cultura e deportes do concello.

Terceiro.- Aprobar a organización este verán da seguinte oferta de actividades culturais e deportivas, tendo en conta que se no momento de preinscricións hai algunha demanda de actividades suxerida pola veciñanza, se poda estudar a organización e desenvolvemento destas, sempre que sexa posible no momento actual:

ACTIVIDADES CULTURAIS						
ACTIVIDADE	DÍAS E HORARIO	N.º PARTICIPANTES	IDADE	PREZO	INSTALACIÓ N	ACTIVIDADES
Campamento urbano 1	Do 1 ao 10 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 9 e máx. 18	3-12 anos	48,00€	A Senra	Obradoiros educativos e actividades deportivas
Campamento urbano 2	Do 13 ao 17 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 9 e máx. 18	3-12 anos	30,00€		
Campamento urbano 3	Do 20 ao 31 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 9 e máx. 18	3-12 anos	60,00€		
Campamento urbano 4	Do 3 ao 14 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 9 e máx. 18	3-12 anos	60,00€		
Campamento urbano 5	Do 17 ao 21 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 9 e máx. 18	3-12 anos	30,00 €		
Campamento urbano 6	Do 24 ao 31 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 9 e máx. 18	3-12 anos	36,00 €	Centro Social de Guísamo e entorno	Obradoiros educativos e actividades deportivas
Campamento urbano 7	Do 1 ao 10 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 9	3-12 anos	48,00 €		
Campamento urbano 8	Do 13 ao 17 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 9	3-12 anos	30,00 €		
Campamento urbano 9	Do 20 ao 31 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 9	3-12 anos	60,00 €		
Campamento urbano 10	Do 3 ao 14 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 9	3-12 anos	60,00 €		
Campamento urbano 11	Do 17 ao 21 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 9	3-12 anos	30,00 €	Centro Social de Lubre e entorno	Obradoiros educativos e actividades deportivas
Campamento urbano 12	Do 24 ao 31 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 9	3-12 anos	36,00 €		
Campamento urbano 13	Do 1 ao 10 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 7	3-12 anos	48,00 €		
Campamento urbano 14	Do 13 ao 17 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 7	3-12 anos	30,00 €		
Campamento urbano 15	Do 20 ao 31 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 7	3-12 anos	60,00 €		
Campamento urbano 16	Do 3 ao 14 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 7	3-12 anos	60,00 €	Centro Social de Vixoi e entorno	Obradoiros educativos e actividades deportivas
Campamento urbano 17	Do 17 ao 21 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 7	3-12 anos	30,00 €		
Campamento urbano 18	Do 24 ao 31 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 7	3-12 anos	36,00 €		
Campamento urbano 19	Do 1 ao 10 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 7	3-12 anos	48,00 €		
Campamento urbano 20	Do 13 ao 17 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 7	3-12 anos	30,00 €		
Campamento urbano 21	Do 20 ao 31 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 7	3-12 anos	60,00 €	Centro Social de Cortiñán e entorno	Obradoiros educativos e actividades deportivas
Campamento urbano 22	Do 3 ao 14 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 7	3-12 anos	60,00 €		
Campamento urbano 23	Do 17 ao 21 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 7	3-12 anos	30,00 €		
Campamento urbano 24	Do 24 ao 31 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 7	3-12 anos	36,00 €		
Campamento urbano 25	Do 1 ao 10 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 6	3-12 anos	48,00 €		
Campamento urbano 26	Do 13 ao 17 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 6	3-12 anos	30,00 €	Centro Social de Cangas e entorno	Obradoiros educativos e actividades deportivas
Campamento urbano 27	Do 20 ao 31 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 6	3-12 anos	60,00 €		
Campamento urbano 28	Do 3 ao 14 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 6	3-12 anos	60,00 €		
Campamento urbano 29	Do 17 ao 21 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 6	3-12 anos	30,00 €		
Campamento urbano 30	Do 24 ao 31 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 6	3-12 anos	36,00 €		
Campamento urbano 31	Do 1 ao 10 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 6	3-12 anos	48,00 €	Centro Social de Cangas e entorno	Obradoiros educativos e actividades deportivas
Campamento urbano 32	Do 13 ao 17 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 6	3-12 anos	30,00 €		
Campamento urbano 33	Do 20 ao 31 de xullo 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 6	3-12 anos	60,00 €		
Campamento urbano 34	Do 3 ao 14 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 6	3-12 anos	60,00 €		
Campamento urbano 35	Do 17 ao 21 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 6	3-12 anos	30,00 €		
Campamento urbano 36	Do 24 ao 31 de agosto 8.30-15.00 h	Mín. 5 e máx. 6	3-12 anos	36,00 €	A Senra	Obradoiros educativos e actividades deportivas
Ilustracións e cómics	Do 6 ao 10 de xullo 11.00-13.00 h	Mín. 6 e máx. 8	12-17 anos	18,00€		
Graffiti Verán	Do 20 ao 24 de xullo 11.00-14.00 h	Mín. 6 e máx. 8	12-17 anos	Gratuita		

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

* Os campamentos urbanos son para nenos/as nados entre o 1/01/2008 ata o 31/12/2016, sempre e cando o permita a normativa vixente da crise sanitaria do COVID-19.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS					
ACTIVIDADE	DÍAS E HORARIOS	N.º PARTICIPANTES	IDADE	PREZO	INSTALACIÓN
Aeróbic	Luns e mércores de xullo e setembro 20.30-21.30 h	Mín. 8 e máx. 15	+ 16 anos	25,20 €	Pista cuberta Casa Cultura
Zumba	Martes e xoves de xullo e setembro 20.30-21.30 h	Mín. 8 e máx. 15	+ 12 anos	34,20 €	Pista cuberta Casa Cultura
Taichí, técnicas de relaxación e Chi-kung.	Luns e mércores de xullo e setembro 21.00-22.15	Mín. 6 e máx. 8	+ 18 anos	42,75 €	Ximnasio Casa Cultura
Ioga	Martes e xoves de xullo e setembro 21.00-22.15 h	Mín. 6 e máx. 8	+ 16 anos	42,75 €	Ximnasia Casa Cultura
Ritmos latinos individuais	Venres de xullo e setembro 20.30-22.00 h	Mín 8 e máx. 16	+ 18 anos	25,65 €	Pista cuberta Casa da Cultura
Paddle Surf. Grupo 1: de 7 a 15 anos	Luns e mércores de xullo 10.00-11.30 h	Mín. 6 e máx 10	7-15 anos	27,00 €	Praia de Gandarío
Paddle Surf. Grupo 2: de 7 a 15 anos	Luns e mércores de xullo 12.00-13.30 h	Mín. 6 e máx 10	7-15 anos	27,00 €	Praia de Gandarío
Paddle Surf. Grupo 3: de 7 a 15 anos	Luns e mércores de xullo 17.00-18.30 h	Mín. 6 e máx 10	7-15 anos	27,00 €	Praia de Gandarío
Paddle Surf. Grupo 4: + 15 anos	Luns e mércores de xullo 19.00-20.30 h	Mín. 6 e máx 10	+15 anos	27,00 €	Praia de Gandarío
Paddle Surf. Grupo 5: + 8 anos	Martes e xoves de xullo 10.00-11.30 h.	Mín. 6 e máx 10	+ 8 anos	27,00 €	Praia de Gandarío
Paddle Surf. Grupo 6: + 18 anos	Sábados de xullo 10.00-11.30 h	Mín. 6 e máx 10	+ 18 anos	9,00 €	Praia de Gandarío
Marcha nórdica e condición física	Martes do mes de xullo 11.00-12.15 h	Mín. 6 e máx. 10	+ 18 anos	10,00 €	Pazo de Mariñán ou entorno da Senra
Marcha nórdica e condición física	Xoves do mes de xullo 20.15-21.30 h	Mín. 6 e máx. 10	+ 18 anos	12,50 €	Pavillón de Guísamo e entorno de Guísamo
Bergondeando, andainas saudables	4, 11 e 18 de xullo 10.00-11.30 h	Mín. 6 e máx. 15	+ 5 anos	Gratuíta	Diferentes zonas do concello

ACTIVIDADES DEPORTIVAS ORGANIZADAS CONXUNTAMENTE POLO CONCELLO DE BERGONDO E O CLUB CICLISTA SKAPAOS					
ACTIVIDADE	DÍAS E HORARIOS	N.º PARTICIPANTES	IDADE	PREZO	INSTALACIÓN
Bergondo en bici	19 de xullo De 10.00 a 11.00 h	Mín. 20 máx. por determinar	* Todas as idades	Gratuíta	Parroquia de Guísamo
Bergondo en bici	2 de agosto De 10.00 a 11.00 h	Mín. 20 máx. por determinar	*Todas as idades	Gratuíta	Parroquia de Bergondo
Iniciación á bicicleta de montaña	9 de agosto De 10.00 a 11.00 h	Mín. 20 máx. por determinar	*Todas as idades	Gratuíta	O Vilar (Guísamo)

*Os menores de 10 anos deben ir acompañados por un proxenitor ou titor/a. É obrigatorio o uso de casco.

Cuarto.- Publicar as seguintes Bases na páxina web oficial do concello: bergondo.gal e na Sede electrónica municipal <https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/>.

As actividades culturais e deportivas organizadas para este verán 2020, con motivo da crise sanitaria que estamos a padecer, organizaranse soamente para persoas empadroadas no Concello de Bergondo.

1. Prazo de presentación de solicitudes: do 5 ao 9 de xuño de 2020.

Horarios e formas de presentación de solicitudes:

Poden elixir unha das seguintes opcións, **preferentemente** vía e-mail e formulario on line, nas que se enviará confirmación da solicitude via e-mail.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- Vía E-mail: **(preferente)** dende as 00.00 h do día 5 de xuño ata as 14.00 h do día 9 de xuño no correo electrónico cultura.deportes@bergondo.gal (**Actividades Culturais e Deportivas**) e educación@bergondo.gal (**Actividades de Conciliación**)
- Vía formulario on line: **(preferente)** dende as 00.00 h do día 5 de xuño ata as 14.00 h do día 9 de xuño na páxina web bergondo.gal.
- Vía telemática **(preferentemente)** a través da sede electrónica municipal dende as 00.00 h do día 5 de xuño ata as 14.00 h do día 9 de xuño.
- Vía presencial: de 9.30 a 14.00 h na Casa de Cultura dende o día 5 ao 9 de xuño **(con cita previa)**.

2. Listaxes provisionais: O día 11 de xuño publicaranse na páxina web do concello e na Casa de Cultura os listados provisionais por actividade.

3. Prazo de reclamacións: O prazo de reclamacións ás listaxes provisionais será o 12 de xuño.

4. Sorteo público: Si hai máis solicitantes que prazas, realizarase un sorteo público, na Casa da Cultura, o día 15 de xuño de 2020, ás 10.00 h.

5. Listaxes definitivas: O día 16 de xuño na Casa de Cultura e na páxina web do concello (bergondo.gal), publicaranse as listaxes definitivas das actividades e das que non saen por non acadar un mínimo de solicitudes.

6. Prazo de inscricións e pago das actividades: do 17 ao 19 de xuño. Se rematado este prazo, as persoas admitidas por sorteo non realizan a inscrición, serán substituídas polas que figuran na lista de reserva.

7. Material: Nas actividades que se relacionan a continuación deberán levar o seguinte material:

Ioga e aeróbic.- esterilla.

Actividades de ciclismo.- bicicleta e casco.

Paddle Surf: neopreno ou camiseta térmica de auga.

8. Reducións de cotas

a) 50% para familias numerosas.

b) 50% para persoas inscritas no Programa de Voluntariado dos Servizos Sociais Municipais.

c) 50% ou 100% da cota, a aquelas persoas que se consideren desfavorecidos, previo informe da Área de Benestar Social.

d) 50% para as persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso de menores de idade cando ambos proxenitores ou titor do participante o acrediten. Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude un xustificante da oficina do INEM, cuxa data coincida co período de preinscrición.

Nos casos en que as persoas teñan dereito á redución de cota, deberán achegar o xustificante correspondente no momento da inscrición.

9. O Concello de Bergondo resérvase o dereito de efectuar as modificacións nas instalacións, horarios, profesorado, de facer reagrupamentos, etc que se consideren necesarias ou anular algunha actividade, por motivos organizativos ou pola normativa vixente en función da evolución da actual crise sanitaria polo COVID-19.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

10. As persoas ou representantes que participan ou realizan as solicitudes nas actividades culturais e deportivas Verán 2020:

- Declaran coñecer e aceptar as bases que reñen esta convocatoria.
- Fan constar que o/a inscrito/a non padece enfermidade que os incapacite para a práctica deportiva, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.
- Autorizan a ceder os datos persoais da solicitude á empresa que impartirá as actividades.
- Autorizan a utilizar as fotos tomadas nas actividades para a realización de memorias, publicidade, páxina web, medios de comunicación, folletos, etc
- De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, se informa de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da sede electrónica.

En Bergondo, venres 5 de xuño de 2020

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

Dou fe; a secretaria

Ana María Cacharrón Castelos

FIRMA: 05/06/2020 10:37:00

FECHA: 05/06/2020 10:36:00

VERIFICABLE EN LA SEDA ELECTRONICA DEL ORGANISMO

VERIFICABLE EN LA SEDA ELECTRONICA DEL ORGANISMO

Decreto N.º: 694/2020 - Fecha de decreto: 05/06/2020

Version imprimible

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).